

Os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística celebran 20 anos de existencia grazas ao labor continuado, rigoroso e entusiasta do profesorado

No ano 1990-1991 creáronse no seo dos centros de ensino os Equipos de Normalización Lingüística como froito da demanda do profesorado preocupado pola renovación pedagóxica, que desde aquela data continou a facer un traballo rigoroso e entusiasta, que mesmo soborda os límites do estrito deber, como proban os numerosos premios de innovación educativa que conseguiron moitos dos ENDL.

O vindeiro sábado 4 de xuño, a partir das 11.30 da mañá, no auditorio do Museo do Pobo Galego, a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística desenvolverá o acto **1991-2011: vinte anos dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística**.

Vinte anos despois de se constituíren os Equipos de Normalización Lingüística é tempo de celebrar que, malia os atrancos sufridos ao longo de todo este tempo, o profesorado implicado nos ENDL estivo a desenvolver un papel fundamental de dinamización dos centros educativos e na promoción do idioma galego tanto nos centros como na sociedade, o que derivou nunha mellora da calidade do ensino e na formación do alumnado.

No decurso deste acto proxectaránse varios vídeos nos que se mostrará unha escolma do traballo realizado en centros de todos os niveis educativos ao longo destas dúas décadas. Así mesmo, intervirán diferentes persoas que foron puntas de lanza deste colectivo, desde a fase anterior á súa creación e na súa mesma posta en marcha, así como despois no transcorrer de todos estes anos.

Neste mesmo evento, os Equipos de Normalización Lingüística faremos un recoñecemento público ao labor realizado por Agustín Fernández Paz, polo seu papel, precursor e activo, no ámbito da normalización lingüística no ensino. Porque desde a súa experiencia, constancia e sabedoría foi guía e motor do noso traballo nos centros educativos.